



PONTE... NAS ONDAS!



RETRANSMITINDO O VINDEL

PONTE...NAS ONDAS! DO MAR DE VIGO

- *Alumnos galegos e portugueses realizarán o programa “radiovisual” RETRANSMITINDO O VINDEL “ con motivo do DÍA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO e da presenza en Vigo do pergamiño de Martín Códax.*
- *Ponte...nas ondas! retransmitirá a través do portal Web www.escolasnasondas.com a partir das 11.00 hs. un magazine audiovisual con persoas convidadas que abordarán diferentes aspectos das cantigas de amigo e do pergamiño Vindel.*

A presenza do pergamiño Vindel en Vigo sirve de argumento para transmitir aos centros educativos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal a importancia que a tradición oral galego-portuguesa tivo na construción da cultura galega e portuguesa. As cantigas de amigo constitúen a expresión autóctona da literatura oral que chegou até os nosos días a través dos cancioneiros medievais e de pergamiños como o Sharrer ou o Vindel.

O “RADIOVISUAL” DO VINDEL

O programa “radiovisual” contará con convidados como o director do Museo do Mar de Galicia, **Vicente Caramés** que será interrogado sobre a importancia da presenza do pergamiño Vindel no museo.

Tamén será entrevistado **Cipriano Jiménez**, do grupo Pertenza, artífice da traída do manuscrito a Vigo, que responderá ás preguntas sobre o proceso de xestación do traslado desde a Morgan Library de Nova York.

A profesora da Universidade de Vigo, **Camiño Noia**, especialista en literatura oral e investigadora sobre a tradición oral galego-portuguesa, trasmisirá a importancia das

cantigas de amigo como mostras dunha tradición oral na Idade Media que en boa parte eran cantos de mulleres nos que os xogares e trobadores se inspiraron.

Martín Codax en 55 idiomas

O profesor **Xosé Henrique Costas** presentará neste programa o proxecto para darlle voz ás cantigas de *Martín Códax en 55 idiomas*. Emitiranse algunas destas gravacións e explicarase o seu desenvolvemento que conta con colaboradores e tradutores en diversas universidades de todo o mundo.

Primordiais

O dúo **Primordiais** formado por Luis Martínez (luthier de instrumentos de corda e arpista) e Marcelo do Bode (intérprete e recompilador da música tradicional) porá música en directo a algunha das cantigas de Martín Códax e a outras da tradición oral galego-portuguesa. Ademais serán entrevistados polo alumnado sobre a importancia da música na transmisión da literatura oral.

Audiovisual

Emitiranse gravacións en vídeo dalgunha das 7 cantigas do pergamiño Vindel, como a realizada polo músico brasileiro **Chico Buarque** coa cantiga nº 5 (*Quantas sabedes amar amigo*) para o ballet Sem Mim de Belo Horizonte en Minas Gerais ou a versión da cantiga 6 (*E no sagrado em Vigo*) do **Ensemble checo RNH**.

www.pontenasondas.org

www.escolasnasondas.com

+

i
n
f
o
:

6
1
5

0
2